# LETRAS DE VERÁN

## RECOMENDACIÓNS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

## CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

### PARA @S PEQUEN@S




Unha proposta divertida, repleta de xogos fónicos e con ritmo narrativo crecente que non conduce ata un inesperado final.

Guiados por Félix, cinco ratiños saen do seu tobo na procura de comida. Un a un irán atopando saborosos manxares, pero o perigo axexa....




O bruar da vaca, o miañar do gato, o ladrar do can, o cacarexar da galiña... todos neste libro-disco







En coche, en bicicleta, en submarino ou en tractor...Arriba, abaixo, diante...en cantos vehículos viaxaches xa?!




Un cento de ocorrentes adiviñas completan este libro. Textos sinxelos para poñer a proba a perspicacia das crianzas e enriquecer o seu vocabulario.

Un día calquera, nun pequeno bosque, naceu unha avelaíña cunhas ás un pouco estrañas... A primeira banda deseñada de Bea Gregores




### PARA @S MEDIAN@S

As divertidas aventuras dunha nena feliz, atrevida e segura de si mesma que argalla as ideas máis tolas para resolver os máis diversos problemas







Que atoparías se cortases pola metade unha máquina de escribir, unha pelota de golf, unha colmea, unha máquina expendedora ou até un carrusel?

## PARA @S GRANDES




Sara ten outra vida, unha vida virtual onde xoga en liña con ducias de persoas e é imbatible nas loitas facendo «Wombo Combo». O texto da obra teatral que vimos o ano pasado en 1ºESO

Unha guía esencial para mozas e mozos que comezan a etapa da puberdade escrita con claridade e rigor, que inclúe consellos, refuta mitos e anima a facerse preguntas.




Unha historia xuvenil narrada graficamente desde un estilo achegado ao manga xaponés e no que vibran as ondas do K-pop coreano.







A vida de Néboa é moi normal, ou todo o normal que pode ser a vida de alguén que naceu nunha nave espacial e forma parte dos últimos cen mil supervivientes da raza humana...




Nun tempo imaxinario na Galiza, houbo un rei que tivo fama de nobre, xusto e de bon corazón. Durante o seu reinado, nada faltou ás xentes. Este rei chamábase Arturo e tivo dous fillos, Afonso e Pedro.

Durante a ocupación xaponesa de Corea, un dos episodios máis escuros da historia do país, a moza Okseon viuse convertida, como moitas outras mulleres coreanas, en “muller de conforto”




## PARA @S MÁIS GRANDES

A partir da marcha da filla, asistimos nestas páxinas ao relato dese temp o marcado pola síndrome do niño baleiro, o que dá pé a unha reflexión sobre o complexo mundo das relacións materno-filiais, sobre o que herdamos e o que só á nosa responsabilidade pertence, sobre a vivencia do corpo, sobre as sombras e mais o gozo.







Quitar o aire (Raso Estudio, 2023) está inspirado na ritoloxía popular galega. Un universo fascinante onde realidade, maxia e relixión conflúen para procurar respostas, para sandar e para celebrar a vida.